

### 6.1.3. DAFO

Co obxecto de obter unha visión global do sector forestal español, constrúese unha matriz. A elaboración parte dunha extensa revisión bibliográfica, así como dos datos obtidos a través da técnica de entrevista a expertos. No transcurso destas entrevistas concretábanse, co obxectivo de conducir o proceso de obtención de información, os catro campos que compoñen a matriz:

---

**DEBILIDADES**  
**AMEAZAS**  
**FORTALEZAS**  
**OPORTUNIDADES**

---

- .>.. **DEBILIDADE:** Considérase aquel factor ou conxunto de factores internos que presentan unha desvantaxe para o sector.
- .>.. **AMEAZA:** Considérase aquel factor ou conxunto de factores externos que representan un prexuízo para o sector.
- .>.. **FORTALEZA:** Considérase aquel factor ou conxunto de factores internos que presentan unha vantaxe competitiva para o sector fronte a outros sectores.
- .>.. **OPORTUNIDADE:** Considérase aquel factor ou conxunto de factores externos que poden ser aproveitados polo sector para mellorar a súa concorrencia fronte aos demais sectores.

#### ■.. DEBILIDADES

- [. Existencia dunha importante bolsa de economía somerxida.
- [. Falta de tradición e dunha cultura forestal, que implica unha inexistencia de costumes no uso dos produtos forestais.
- [. Baixa produtividade primaria media en toda España.
- [. Baixa representación do sector no PIB.
- [. Diseminación no territorio, sector pouco dinámico.
- [. Escaseza de man de obra cualificada, disposta a traballar polas condicións laborais actuais.
- [. Abastecemento irregular de materia prima nacional.
- [. Falta de integración na cadea monte industria.
- [. Tamaño reducido da propiedade forestal na cornixa cantábrica, zona norte de España.
- [. Superficie forestal pública escasa na zona setentrional do Estado, que provoca unha menor profesionalización da xestión do sector.
- [. Excesiva dependencia empresarial da Administración Pública.
- [. Escaso investimento tanto público como privado no sector.
- [. Reducida implantación de plans de ordenación, xestión e restauración forestal.
- [. Rede de espazos protexidos con instrumentos de xestión insuficientes e unha baixa dotación orzamentaria para esta.
- [. Desprofesionalización do sector.

#### ■.. AMEAZAS

- [. Desaparición da poboación rural.
- [. Aumento das restricións legais á xestión forestal.
- [. Competencia por prezos e calidades da materia prima por parte doutros países produtores.

- [. Conxunturalmente a fortaleza do euro produce un abaratamento da madeira procedente dos países exportadores, pero á súa vez tamén produce o encarecemento da materia prima nacional.
- [. Riscos naturais (incendios forestais...) agravados polo cambio climático.
- [. Cambios no uso do solo que desembocan na redución do espazo forestal.
- [. Contaxio transfronteirizo, que provoca a aparición de pragas e enfermidades forestais descoñecidas e de difícil tratamento.
- [. Envellecemento das masas forestais.
- [. Inclusión na actividade forestal de sectores non cualificados para xestionar, o que provoca desprofesionalización ou redución da calidade nos proxectos, actuacións...
- [. Descoñecemento social do potencial de beneficio cuantitativo e cualitativo que se pode obter do monte.

### ■.. FORTALEZAS

- [. Alta produtividade localizada.
- [. Sector industrial, que aínda que versátil, está consolidado con capacidade investidora.
- [. Grande extensión de superficie forestal potencialmente produtiva, que sufriu un aumento progresivo grazas ao abandono de pastos e cultivos, así como á reforestación de terras agrarias.
- [. Presenza dunha desenvolvida administración forestal en todo o Estado.
- [. Crecente sensibilización social de cara á conservación dos bosques.
- [. Existencia de capital humano preparado para xestionar.

### ■.. OPORTUNIDADES

- [. Valoración dos produtos autóctonos.
- [. Posibilidade de desenvolvemento do sector cara á xestión e conservación do medio ambiente.
- [. Impulsar o desenvolvemento rural a través da xestión forestal integral.
- [. Concesión das liñas de axudas europeas.
- [. Estratexia forestal europea e incipiente política forestal común.
- [. Inclusión do sector forestal nas políticas de desenvolvemento rural.
- [. Demanda de natureza e produtos naturais por parte do cidadán urbano.
- [. Maior peso específico do sector debido á ampliación da UE con países tradicionalmente forestais.
- [. Diversificación na oferta de produtos e servizos que ofrece o monte.
- [. Potenciación do uso social e recreativo do monte.
- [. Alta valoración social dos recursos naturais e paisaxísticos.